

MOSTRAS

Este mariño atopou catro illas, entre elas a de Santa Helena

João da Nova navega polo Castelo de Maceda

Hai agora 500 anos, o mariño de orixe macedán João da Nova descubriu a illa de Santa Helena. Un ano antes, no 1501, xa atopara as illas Ascensión (no Atlántico austral), Juan de Nova Island (no canal de Mozambique, fronte a Madagascar) e Ceilán (hoxe coñecida como Sri Lanka).

Con gallo desta efeméride, o Concello de Maceda quere dar a coñecer a figura este descubridor, nacido nesas terras e vinculado á familia dos Nóvoa, que habitaba o Castelo. Sen embargo, a axitada situación política da segunda metade do século XV motivou a súa fuxida a Portugal, donde logo traballou ó servizo da coroa portuguesa. Este feito tamén provocou o cambio do seu nome orixinal, pasando de ser Xoán de Nóvoa a João da Nova (nos documentos relativos a el o seu nome aparece escrito de formas diferentes, sendo a segunda forma a máis empregada).

No Castelo, macedán hai unha mostra organizada polo Concello e confeccionada por Santiago Prol que repasa a vida e viaxes deste mariño. A mostra, que leva por título "João da Nova: O descubridor galego do século XVI", está integrada por 20 paneis de carácter explicativo. Na primeira parte, expóñense as orixes de Maceda, do seu castelo e tamén a relación da familia Nóvoa coa comarca. Logo fai un repaso pola vida de João da Nova, con especial incidencia nos descubrimentos das catro illas. As tres primeiras atopounas como comandante

da terceira expedición portuguesa á India. Unha delas leva o seu nome, aínda que cunha mistura de idiomas: Juan de Nova Island conserva o seu nome en castelán, o apelido en portugués e refírese á illa en inglés, aínda que é unha colonia francesa. Foi durante o regreso desta expedición cando atopou Santa Helena, coñecida por ser nela onde estivo desterrado Napoleón.

Na mostra aparecen tamén temas complementarios, relacionados co mariño, como os tipos de navíos utilizados nesa época, os instrumentos de orientación, cartografía...

A exposición vai acompañada dun vídeo realizado en Portugal no que se fai unha sátira do pasado mariño dos portugueses.

Libro

O autor da mostra, Santiago Prol, tamén publicou un libro baixo o título de "João da Nova. Un mariño galego ao servizo da Coroa de Portugal", froito da súa investigación sobre a vida deste descubridor.


A exposición foi inaugurada recentemente polo vicecónsul portugués en Ourense, Alberto Pires da Silva. O Concello prevé levala máis adiante a outras vilas ourensanas e galegas, así como a Portugal.

M. J. M.


Lugar: Castelo de Maceda.

Horario: 11-13 e 16-20 horas (os martes pecha).

Ata o 12 de setembro.



Os paneis explicativos están estruturados de forma clara, para facilitar a comprensión da información. Combinan o texto coas ilustracións, que facilitan a asimilación dos datos. Ademais de explicar a vida do mariño, hai paneis didácticos sobre a navegación.



CRONOLOXIA

- 1450: Nace arredor deste ano en Maceda.
- 1480: Foxe a Portugal.
- 1488: Participa activamente en expedicións militares e de exploración do Atlántico cos portugueses.
- 1496: Exerce como alcalde da cidade de Lisboa.
- 1501: Descubre as Illas Ascensión, Juan de Nova Island e Ceilán.
- 1502: Atopa Santa Helena.
- Ata 1509 participa en varias expedicións portuguesas.
- 1509 ou 1510: Morre en Cochim.

Tamén se poden ver varias viñetas realizadas polo autor nas que recrea, o mesmo que nos cómics, cómo sería a vida de João da Nova, as súas expedicións, a chegada as illas